

Sra. Presidenta da ANPA A FAXARDA

Como presidenta da Xunta Electoral deste Centro constituída ao abeiro do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos do ensino non universitario, na súa nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 09/08/1996) e a fin de dar cumprimento ao establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro) que, no seu artigo 39º di: "*Dos representantes que lle corresponden aos pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa*"... é polo que lle solicito que, nun prazo de dez días a partir da data do presente escrito, comunique á Xunta Electoral deste Centro a proposta que ao respecto fai esa ANPA.

Tal como se contempla no punto 2 do referido artigo 39 do Decreto 374/1996, no caso de non existir proposta da asociación de pais para ocupar a preza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais e nais.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

En Ribadeo, a 25 de outubro de 2024

A Presidenta da Xunta Electoral



Asdo.: Lourdes Marqués Espina

XUNTA DE GALICIA	
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.	
C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" DE RIBADEO	
REXISTRO XERAL	
ENTRADA	SAIDA
Nº	Nº 148
DATA	25/10/24